Tema 2. Tipos de interese e valor temporal do diñeiro.	2.1. O valor do diñeiro no tempo. 2.2. Capital financeiro. 2.3. Operacións financeiras de capitalización. 2.4. Rendas
Tema 3. Investimento en activo circulante da empresa turística.	3.1. Concepto e composición do activo circulante. 3.2. Concepto de ciclo na empresa. 3.3. O PMM da empresa ou duración do ciclo de explotación. 3.4. Determinación do activo circulante: especial referencia a tesouraría. 3.5. Avaliación do investimento segundo criterios financeiros.
Tema 4. Investimento en activo fixo da empresa turística.	4.1. Natureza e características do activo fixo nas empresas turísticas. 4.2. Variables explicativas do investimento. 4.3. Criterios de avaliación económica.
Tema 5. Fontes financeiras da empresa turística a longo prazo: determinación e custo	5.1. Préstamos 5.2. Leasing 5.3. Renting
Tema 6. Fontes financeiras da empresa turística a curto prazo: determinación e custo	6.1. Crédito comercial 6.2. Desconto bancario 6.3. Póliza de crédito 6.4. Comparativa crédito-prestamo 6.5. Factoring

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	15	30	45
Lección maxistral	30	75	105

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problema e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo. Posibilidade de desenvolvemento de exemplos prácticos co obxectivo de clarificar os conceptos teóricos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Atención personalizada en horario de docencia dos grupos medianos (GM) ou nas horas de titoría de atención ao alumnado

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Lección maxistral	Avaliación mediante a realización de exercicios e/ou preguntas curtas/test sobre os contidos expostos nas sesións maxistrais. Nas probas poderase esixir un nivel mínimo para superalas.	50	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG5 CG6 CG7 CE7 CE13
Resolución de problemas	Resolución dunha proba escrita presencial composta de parte teórica (preguntas curtas ou test) e parte práctica. Poderase esixir un nivel mínimo para superala.	50	CG5 CG6 CG7 CE7 CE13 CT1 CT4

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua:
1.- Probas descritas obxecto de cualificación que configurarán o 50% da nota. Para a segunda convocatoria, de presentarse, non se manterá a cualificación destas probas.
2.- Exame escrito, composto por parte práctica e teórica, que configura o 50% restante da nota. Este celebrarase ao final cuadrimestre. Esíxese un nivel mínimo obrigatorio para superalo.
A cualificación do/a estudiante que non supere os mínimos contemplados na proba será de suspenso. Os estudantes que non superen o paso 1 da avaliación continua, e os/as que non a seguiron, serán avaliados cun exame de carácter global sobre os coñecementos de todos os contidos da materia, destrezas na práctica e adaptación a novas situacións.
Esíxese un nivel mínimo obrigatorio para superalo. A cualificación do estudantes non supere os mínimos contemplados na proba será de suspenso.

Condutas inadecuadas, contrarias e prexudiciais á convivencia poderán ser sancionadas coa perda do dereito á avaliación continua por parte do estudante responsable.

Para a segunda convocatoria, realizarase unha proba escrita presencial que valorará as competencias do estudante sobre a materia, esixindo un nivel mínimo para superar a mesma. A cualificación do estudante que non supere os mínimos contemplados na proba será de suspenso.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo para o curso 2019-2020. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AMAT SALAS,O, Contabilidad y Finanzas de Hoteles, Ed. Gestión 2000, 1992,

ANTICH CORGOS,J. MOYA CLARAMUNT,M, Gestión Financiera. Edición para técnicos en empresas turísticas, Ed. Síntesis, 1995,

GARCIA VILLANUEVA, R Y OTROS, Gestión Financiera en el Sector Turístico. Inversión y Financiación a L.P., Ed. Pirámide, 2007,

Bibliografía Complementaria

BREALEY, R.A. y MYERS, S.C., Fundamentos de Financiación Empresarial, Ed, Mc Graw Hill, 2000,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas I/O04G240V01101

Outros comentarios

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación para o desenvolvemento da materia e exponse con flexibilidade, polo que pode darse o caso de que se apliquen axustes ao longo do curso académico.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Linguas estranxeiras para o turismo IIIB: Francés				
Materia	Linguas estranxeiras para o turismo IIIB: Francés			
Código	O04G240V01506			
Titulacion	Grao en Turismo			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	3	1c
Lingua impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	García Fernández, Manuel Ángel			
Profesorado	García Fernández, Manuel Ángel			
Correo-e	manuelangel.garcia@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia ten como obxectivo perfeccionar os coñecementos da lingua francesa en contexto turístico (nivel A2-B1).			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer
CG1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información	• saber facer
CG4	Dominio do inglés e perfeccionamento e intensificación, como mínimo, dunha segunda lingua estranxeira	• saber facer
CG5	Capacidade de comunicación oral e escrita	• saber facer
CG6	Mobilidade e adaptabilidade a diferentes medios e situacións	• saber facer
CG7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual	• saber facer
CG8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo	• saber facer • Saber estar / ser
CE14	Desempeñar actividades profesionais en inglés e outras linguas estranxeiras dentro do sector turístico	• saber facer
CE15	Orientación do servizo ao cliente	• saber facer • Saber estar / ser
CT3	Creatividade	• Saber estar / ser
CT5	Motivación pola calidade	• Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Descodificar e interpretar mensaxes en francés procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	CB1 CB2 CB3 CB5 CG4 CG6 CG8 CE14 CE15 CT5

Expresar oralmente e por escrito mensaxes en francés, sobre diversos temas e experiencias.	CB1 CB2 CB4 CB5 CG4 CG5 CG6 CG8 CE14 CE15 CT3 CT5
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG4 CG5 CG6 CG8 CE14 CE15 CT3 CT5
Xestionar a relación cos clientes en francés, especialmente no ámbito do turismo.	CB2 CB3 CB4 CB5 CG4 CG5 CG6 CG8 CE14 CE15 CT5
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.).	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG1 CG4 CG6 CG8 CE14 CT5
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	CB1 CB2 CB3 CB4 CG1 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CE14 CT3 CT5

Contidos	
Tema	
1. Coñecer o aeroporto e o persoal. Realizar a facturación.	As tarefas do axente de escala. Os espazos e os servizos no aeroporto. A facturación. Gramática: os pronomes de OD e OI.
2. Realizar o embarque e facer anuncios. Aplicar consignas de seguridade a bordo.	Os anuncios. A seguridade. As prohibicións. Gramática: a negación do imperativo e do infinitivo.

3. Aluguer e devolución dun coche. Encher a ficha do estado dun coche.	O aluguer. O coche. Gramática: a interrogación directa (repaso).
4. Informarse dos desaxustes e reacccionar de xeito adaptado as reclamacións dos pasaxeiros.	O transporte ferroviario. Os incidentes. As queixas. Gramática: os conectores de causa e consecuencia.
5. Identificar as funcións do recepcionista e informar un cliente sobre as características do hotel.	As tarefas en recepción. As prestacións e os equipamentos de hostelería. Gramática: os pronomes relativos où e dont.
6. Acoller un cliente, contestar as reclamacións e facturar unha estancia.	A habitación. As reclamacións. Gramática: o imperfecto.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	11	12	23
Resolución de problemas de forma autónoma	2	27	29
Prácticas de laboratorio	4	0	4
Lección maxistral	4	0	4
Seminario	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	1	3	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	3	3
Traballo	0	3	3
Práctica de laboratorio	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Resolución de problemas e/ou exercicios Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios, aulas informáticas, etc).
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Ofrecerase resolución de dúbidas en pequenos grupos.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumno poderá consultar co profesor os resultados das tarefas.
Prácticas de laboratorio	Ofrecerase avaliación interactiva ao finalizar cada práctica.
Lección maxistral	Abriranse debates ao finalizar cada bloque para preguntar dúbidas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	25	CB1 CG1 CT3 CT5

Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas que inclúen actividadees, problemas ou casos a resolver. O alumnado debe dar resposta á actividadee suscitada, plasmando de xeito práctico, os coñecementos teóricos e prácticos da materia	25	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG1 CE14 CE15 CT3 CT5
Traballo	Os alumnos deberán realizar un exame oral.	20	CB1 CG1 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CE14 CE15 CT3 CT5
Práctica de laboratorio	Probas para aevaluación das competencias adquiridas sobre situacions prácticas. As probas serán orais e escritas	30	CB1 CG1 CG4 CG5 CG6 CG8 CT3 CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na primeira convocatoria os alumnos deberán asistir a clase para beneficiarse da avaliación contínua (con máis de 3 faltas sen xustificar perderase o dereito a avaliación continua) que consistirá na recollida de tarefas e actividades de clase ou casa (30%), realizar 2 controis durante o cuatrimestre (50%, mínimo 5) e entregar un glosario (20%). Para a avaliación contínua, será necesario comprar o método de lingua que se utiliza en clase e traelo a diario.

Aqueles alumnos que non superen a materia durante o curso terán que presentarse ao exame final escrito (80%, mínimo un 5) e entregar un glosario (20%). Tamén poderán presentarse ao exame final aqueles alumnos que desexen subir nota.

Na segunda convocatoria os alumnos deberán realizar o exame final da materia (80%, mínimo un 5) e un glosario (20%).

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Aragón M., Eurrutia, M y otros, Diccionario de términos de turismo., Madrid, Arie, 2009

Laygues, Arnaud;Coll, Andreu, Le français en contexte: tourisme, Ed. Maison des Langues, 2014

Bibliografía Complementaria

Calmy, A.M, Le français du tourisme, Paris, Hachette, 2004

Corbeau, S, Tourisme.com, Paris, Cle international, 2004

Penformis, J.L., Communication progressive du français des affaires, Madrid, Cle international, 2010

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Linguas estranxeiras para o turismo IIB: Francés/O04G240V01406

Outros comentarios

Recoméndase ter cursado Francés I e II, e seguir a modalidade da avaliación contínua para superar a materia.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Linguas estranxeiras para o turismo IIIB: Alemán				
Materia	Linguas estranxeiras para o turismo IIIB: Alemán			
Código	O04G240V01507			
Titulacion	Grao en Turismo			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	3	1c
Lingua impartición	Alemán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Maslanka , Johann Franz			
Profesorado	Maslanka , Johann Franz			
Correo-e	hmaslanka@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Introducción á lingua alemá con especial aplicación ó sector turístico			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer
CG1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información	• saber facer
CG4	Dominio do inglés e perfeccionamento e intensificación, como mínimo, dunha segunda lingua estranxeira	• saber
CG5	Capacidade de comunicación oral e escrita	• saber facer
CG6	Mobilidade e adaptabilidade a diferentes medios e situacións	• saber facer
CG7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual	• saber facer
CG8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo	• saber facer
CE14	Desempeñar actividades profesionais en inglés e outras linguas estranxeiras dentro do sector turístico	• saber facer
CE15	Orientación do servizo ao cliente	• saber facer • Saber estar / ser
CT3	Creatividade	• Saber estar / ser
CT5	Motivación pola calidade	• Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Descodificar e interpretar mensaxes en alemán procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	CB1 CB2 CB3 CB5 CG4 CG6 CG8 CE14 CE15 CT5

Expresar oralmente e por escrito mensaxes en alemán, sobre diversos temas e experiencias.	CB1 CB2 CB4 CB5 CG4 CG5 CG6 CG8 CE14 CE15 CT3 CT5
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG4 CG5 CG6 CG8 CE14 CE15 CT3 CT5
Xestionar a relación cos clientes en alemán, especialmente no ámbito do turismo.	CB2 CB3 CB4 CB5 CG4 CG5 CG6 CG8 CE14 CE15 CT5
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.).	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG1 CG4 CG6 CG8 CE14 CT5
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG1 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CE14 CT3 CT5

Contidos	
Tema	
1.Aloxamento	Reserva. Check-in. Información interna. Información externa. Servizos. Queixas. Check-out.
2 Actividades turísticas	-no hotel -no entorno

3. Transporte	-público -aluguer de coches, motos etc.. -cruceiros, rutas organizadas

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	11.25	16	27.25
Aprendizaxe baseado en proxectos	1	3.5	4.5
Estudo de casos	11.25	16	27.25
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Práctica de laboratorio	2	2	4
Traballo	0	10	10
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas	O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas , a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Aprendizaxe baseado en proxectos	A elaboración e presentación de proxectos permite ao alumno traballar de forma trasversal e interdisciplinario e aplicar de forma práctica todos os coñecementos adquiridos así como ampliar aqueles que lle fagan falta para a boa execución do proxecto
Estudo de casos	Mediante o estudo de casos concretos o alumno debe adquirir esquemas de comportamento lingüísticos útiles no campo profesional do turismo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Atención das consultas do alumnado relacionadas cos casos propostos. Desenvolverase de forma presencial (directamente na aula).
Resolución de problemas	Atención das consultas do alumnado relacionadas cos problemas e/ou exercicios realizados. Desenvolverase de forma presencial (directamente na aula).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas e/ou exercicios	Gramática de contexto	50	CB1 CB2 CB3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CT3 CT5
Práctica de laboratorio	comprensión oral, comprensión lectora, expresión e interacción oral	40	CB1 CB2 CB3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CT3 CT5

Traballo	Traballos y proxectos durante o curso que representan a colaboración en clase. No están ligados nun plan temporal predeterminado senon surxen das necesidades pedagóxicas do curso.	10	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG1 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CE14 CE15 CT3 CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

No caso de non seguir a evaluación continua o 100% da nota é a obtida no exame final. O mesmo sistema se aplicará na segunda oportunidade (Xullo).

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2019-2020.

No caso de conflito ou disparidad entre as datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

No caso de non realizarse traballos e proxectos durante o curso a avaliación das probas prácticas de execución de tarefas reais e/ou simuladas será de 50% en vez de 40%

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

http://dw-world.de,

www.turgalicia.es,

Deutsch im Hotel, Hueber, 2000,

Zimmer frei neu:- Lehrbuch, Arbeitsbuch, Lehrerhandreichungen, 2CDs zum Lehrbuch, 1CD zum Arbeitsbuch, Langenscheidt, Langenscheidt, 2012,

Menschen A1.1, A1.2, Hueber, 2012,

Ja, gerne A1, Cornelsen, 2014,

Herzlich willkommen, Langenscheidt, 2012,

studio 21, A1,2, Cornelsen, 2013,

Panorama A1,2, Cornelsen, 2015,

Linie 1 A1,A2, Klett, 2016, Libro del alumno y ejercicios + audio + vídeoclips 978-3-12-607055-3

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Linguas estranxeiras para o turismo IVB: Alemán/O04G240V01607

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Linguas estranxeiras para o turismo IC: Alemán/O04G240V01307
Linguas estranxeiras para o turismo IIC: Alemán/O04G240V01407

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Linguas estranxeiras para o turismo IIIB: Portugués				
Materia	Linguas estranxeiras para o turismo IIIB: Portugués			
Código	O04G240V01508			
Titulacion	Grao en Turismo			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	3	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://http://estudoslusofonos.blogspot.com.es/			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o alumnado adquira coñecementos básicos da lingua e das culturas de expresión portuguesa en continuación dos contidos de Lingua estranxeira para turismo II de cara ao nivel A2/B1.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer
CG1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información	• saber facer
CG4	Dominio do inglés e perfeccionamento e intensificación, como mínimo, dunha segunda lingua estranxeira	• saber
CG5	Capacidade de comunicación oral e escrita	• saber facer
CG6	Mobilidade e adaptabilidade a diferentes medios e situacións	• saber facer
CG7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual	• saber facer
CG8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo	• saber facer
CE14	Desempeñar actividades profesionais en inglés e outras linguas estranxeiras dentro do sector turístico	• saber facer
CE15	Orientación do servizo ao cliente	• saber facer • Saber estar / ser
CT3	Creatividade	• Saber estar / ser
CT5	Motivación pola calidade	• Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Descodificar e interpretar mensaxes en portugués procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	CB1 CB2 CB3 CB5 CG4 CG6 CG8 CE14 CE15 CT5

Expresar oralmente e por escrito mensaxes en portugués, sobre diversos temas e experiencias.	CB1 CB2 CB4 CB5 CG4 CG5 CG6 CG8 CE14 CE15 CT3 CT5
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG4 CG5 CG6 CG8 CE14 CE15 CT3 CT5
Xestionar a relación cos clientes en portugués, especialmente no ámbito do turismo.	CB2 CB3 CB4 CB5 CG4 CG5 CG6 CG8 CE14 CE15 CT5
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.)	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG1 CG4 CG6 CG8 CE14 CT5
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG1 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CE14 CT3 CT5

Contidos
Tema

Contidos gramaticais	Fonética: revisión; Verbo: revisión; Verbo: Futuro de subxuntivo, Infinitivo conxugado. Pronomes persoais; Pronomes: colocación do pronome átono; Acentuación ortográfica; Preposicións.
Contidos léxico-semánticos	Identificación persoal: Formación e experiencia laboral (curriculum vitae). Descrición persoal (carácter, preferencias, crenzas). Vivenda, fogar e contorno: Mobiliario, electrodomésticos e aparellos electrónicos. Tempo libre e lecer: Pasatempos e intereses. Viaxes e transportes: Vacacións. Tipos de aloxamento. Equipaxe. Documentación. Puntos de interese turístico. Relacións humanas e sociais: Actos sociais (festas, reunións). Correspondencia formal. Saúde e coidados físicos: Accidentes. Saúde e doenza. Educación: Centros de ensino. Tipos de estudos. Compras e actividades comerciais: Artigos para a casa. Moda e roupa. Alimentación: Preparación e sabores. Materiais e utensilios. Bens e servizos: Bancos. Institucións. Servizos médicos. Servizos sociais. Clima, condicións atmosféricas e ambiente: Previsións meteorolóxicas. Paisaxe (campo e cidade). Ciencia e tecnoloxía: Medios técnicos de comunicación (telefonía).
Contidos pragmáticos	Continuación dos contidos impartidos en "Lingua estranxeira para o turismo II" en relación a: Idiomatismos; Falsos amigos; Rexistros; Diferenzas entre as variantes portuguesa e brasileira. Prácticas orais e redacción de textos curtos relacionados co turismo.
Elementos de cultura lusófona	Aspectos culturais seleccionados das culturas brasileira e portuguesa relacionados co turismo en continuación dos contidos impartidos en Lingua estranxeira para turismo II.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	23	33
Traballo tutelado	10	23	33
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesións teóricas
Traballo tutelado	Sesións prácticas - traballo en grupo

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Sempre que o precise, o alumnado será atendido de forma individual, tanto nas sesións de clases, como no horario de titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Lección maxistral	Proba teórica escrita e proba oral	60	CB1 CB3 CB5 CG4 CG5 CG8 CE14 CE15 CT3 CT5
Traballo tutelado	Realización/presentación de traballos varios	40	CB2 CB3 CB4 CG1 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CE14 CE15 CT3 CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/Os estudantes deberán escoller no principio do curso entre dúas opcións: un sistema de avaliación continua (cf. supra) ou un sistema de avaliación única. Recoméndase optar polo primeiro. É condición obrigatoria para ser avaliada/o de forma continua a asistencia a un 80% das aulas, a non ser que haxa motivos xustificados para unha asistencia lixeiramente inferior, que deberán ser comunicados ao profesorado o antes posible. É recomendable consultar regularmente os espazos virtuais da materia na plataforma TEMA (http://faitic.uvigo.es). Quen opte de forma directa pola avaliación única (non recomendado) será avaliada/o ao final do primeiro período, na primeira edición das actas (maio/xuño), da seguinte forma: 1. Cunha proba escrita teórico-práctica (contando 75% da nota final □teoria: 25%; práctica: 50%□) 2. Cunha proba de expresión oral (contando 25% da nota final) que será gravada. É preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para superar a materia. Copia ou plaxio nos respectivos exames será penalizado cun suspenso (nota numérica: 0) nas mesmas. A convocatoria das probas de expresión oral deberá acordarse co profesorado coa antelación necesaria (mínimo 2 días antes da data oficial da proba escrita), sendo responsabilidade do alumnado contactar co profesorado. A non presentación á proba de expresión oral suporá a obtención dunha cualificación de 0 (cero) puntos na mesma. Os mesmos criterios de avaliación aplicaranse na segunda edición das actas (xullo). En todo caso, recoméndase a asistencia ás aulas e ás titorías e consultar regularmente os espazos virtuais da materia na plataforma (http://faitic.uvigo.es) , mesmo que non se siga o sistema de avaliación continua. As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ana Tavares, Português XXI. Nível B1, 2011, Lidel

Coimbra, Isabel; Coimbra, Olga, Gramática Ativa 1, 3ª, Lidel, 2011, Lisboa

Robert Kuzka, José Pascoal, Passaporte para Português. Livro do Aluno. Níveis A1/A2, Lidel, 2014, Lisboa

Sara Gonçalves dos Santos, Falar pelos cotovelos, Lidel, 2015, Lisboa

Luísa Coelho, Carla Oiveira, Português em Foco I, Lidel, 2015, Lisboa

VV AA, Histórias de bolso, Lidel, 2016, Lisboa

Bibliografía Complementaria

Coimbra, Isabel; Coimbra, Olga, Gramática Ativa 2, 3ª, Lidel, 2011, Lisboa

Helena Lemos, Dialogar em português, Lidel, 2013, Lisboa

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Linguas estranxeiras para o turismo IVB: Portugués/O04G240V01608

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Linguas estranxeiras para o turismo IID: Portugués/O04G240V01408

Outros comentarios

Un bo dominio da lingua galega facilita a adquisición rápida dun nivel A2/B1 de lingua portuguesa.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Fiscalidade de empresas turísticas				
Materia	Fiscalidade de empresas turísticas			
Código	O04G240V01601			
Titulacion	Grao en Turismo			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Vázquez Rodríguez, María Xosé Rodríguez Méndez, Miguel Enrique			
Profesorado	Rodríguez Méndez, Miguel Enrique Vázquez Rodríguez, María Xosé			
Correo-e	miguel.r@uvigo.es maxose@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Fiscalidade das Empresas Turísticas ten como obxectivo introducir aos alumnos no ámbito da fiscalidade aplicada á empresa. En particular, estúdanse o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), o Imposto sobre Sociedades (IS) e o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), en todos os casos con especial atención á súa aplicación no ámbito da empresa turística.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer
CG1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información	• saber • saber facer
CG5	Capacidade de comunicación oral e escrita	• saber • saber facer
CG6	Mobilidade e adaptabilidade a diferentes medios e situacións	• saber facer
CG7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual	• saber facer
CG8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo	• saber facer
CG9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado	• saber • saber facer
CG10	Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións	• saber facer
CE5	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos fundamentos da xestión de empresas turísticas: problemas económicos internos e interrelacións entre os distintos subsistemas	• saber • saber facer
CE8	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto do marco legal que regula as actividades turísticas.	• saber • saber facer
CE13	Avaliar alternativas de planificación, dirección e control de empresas turísticas, así como saber tomar decisións estratéxicas.	• saber facer

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

O alumnado será capaz de realizar unha liquidación básica completa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, con especial énfase nos rendementos de actividades económicas	CB1 CB4 CB5 CG1 CG5 CG7 CG8 CG9 CG10 CE5 CE8 CE13
O alumno será capaz de realizar unha liquidación básica completa do Imposto sobre Sociedades para unha Empresa de Reducida Dimensión	CB1 CB4 CB5 CG1 CG5 CG7 CG8 CG9 CE5 CE8 CE13
O alumno será capaz de realizar unha liquidación trimestral básica do Imposto sobre o Valor Engadido, así como entender o funcionamento teórico do imposto	CB1 CB4 CB5 CG1 CG5 CG7 CG8 CG9 CG10 CE5 CE8 CE13
O alumnado será capaz de debater con outras persoas diferentes alternativas para solucionar un problema de índole fiscal	CB2 CB3 CG5 CG6 CG7 CG10 CE8

Contidos	
Tema	
Parte I. Introdución	Tema 1. Impostos e sistema fiscal. Ingresos públicos, tributos e impostos. Natureza e clasificación dos impostos. O sistema fiscal español. Esquema liquidatorio dun imposto.
Parte II. IRPF	Tema 2: Introdución e descrición xeral. Natureza e características do IRPF. Criterio de residencia. Suxeitos pasivos. Non suxección e exencións. Feito impoñible. Base impoñible. Período impositivo.
Parte II. IRPF	Tema 3: Rendas gravadas e base impoñible. Rendementos do traballo. Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario. Rendementos de actividades económicas en estimación directa e obxectiva. Ganancias e perdas patrimoniais. Imputacións de rendas.
Parte II. IRPF	Tema 4: Liquidación. Reducións. Base liquidable. Mínimo persoal e familiar. Escalas de gravame. Deducións. Pagos a conta. Programa PADRE.
Parte III. IS	Tema 5: Introdución e descrición xeral. Natureza e características do IS. Criterio de residencia. Suxeitos pasivos. Exencións. Feito impoñible. Base impoñible. Período impositivo.
Parte III. IS	Tema 6: Axustes fiscais e base impoñible. Ingresos computables e gastos deducibles. Axustes por imputación temporal. Axustes para entidades de reducida dimensión. Compensación de bases impoñibles negativas de exercicios anteriores.

Parte III. IS	Tema 7: Liquidación. Tipos impositivos. Deducións. Pagos fraccionados. Programa de axuda.
Parte IV. IVE	Tema 8: Descrición xeral e liquidación. Natureza, características e funcionamento do IVE. Suxeitos pasivos. Exencións. Feito impoñible. Base impoñible. Tipos impositivos. Réximes especiais. Declaracións.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	0.5	0	0.5
Lección maxistral	22	22	44
Estudo de casos	17.5	17.5	35
Prácticas en aulas informáticas	5	5	10
Prácticas autónomas a través de TIC	0	25	25
Práctica de laboratorio	5	16	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación do contido e obxectivos da materia. Metodoloxía de traballo e sistemas de control e avaliación.
Lección maxistral	Para cada tema o docente presentará na aula as cuestións mais relevantes e formulará a metodoloxía a seguir para interpretar as consecuencias e efectos prácticos da norma tributaria. Posteriormente o alumno deberá revisar de forma autónoma os contidos expostos.
Estudo de casos	Realizaranse sesións prácticas que terán lugar en aulas-seminario.
Prácticas en aulas informáticas	As sesións prácticas en aula informática faránse de xeito individualizado e consistirán na resolución dun caso práctico empregando as aplicacións informáticas da Axencia Tributaria. Para o seu desenvolvemento os alumnos disporán previamente do enunciado do caso na Plataforma Tema.
Prácticas autónomas a través de TIC	Cada semana, despois da sesión maxistral, abriráse un formulario práctico dixital (de resposta curta ou test) na Plataforma Tema, relativo ós contidos desenvoltos na sesión maxistral e na práctica. Trátase de actividades que posibilitan o seguimento e avaliación do alumno, que deberá responder nos prazos sinalados.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas en aulas informáticas	Durante as prácticas de laboratorio, preténdese orientar, supervisar, atender e resolver as dúbidas do alumno no seu proceso de adquisición das competencias, en xeral, e na realización das actividades propostas, en particular. Ademais, cada profesor establecerá ó comenzo do curso un horario para titorías individuais ó que o alumno pode acudir para resolveren cualquera tipo de dúbida referente á materia.
Estudo de casos	Realizaranse supostos prácticos sobre os contidos da materia co obxecto de analizar a casuística fiscal

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Prácticas autónomas a través de TIC	Avaliaráse e puntuaráse a resolución dos casos propostos despois de cada sesión maxistral. Este apartado de traballo persoal puntuaráse sobre un máximo global de 2 puntos.	20	CB1 CB2 CB3 CB5 CG1 CG6 CG7 CG8 CG9 CE5 CE8 CE13

Estudo de casos	Durante as prácticas de laboratorio, preténdese orientar, supervisar, atender e resolver as dúbidas do alumno no seu proceso de adquisición das competencias, en xeral, e na realización das actividades propostas, en particular. Ademais, cada profesor establecerá ó comenzo do curso un horario para titorías individuais ó que o alumno pode acudir para resolveren cualquera tipo de dúbida referente á materia.	10	CB2 CB3 CB4 CB5 CG10 CE5 CE8 CE13
Práctica de laboratorio	Ó remate das diferentes partes do programa da materia, en dúas das sesión prácticas presenciais, proporáse un caso que o alumno deberá resolver de xeito individual e que permitirá avaliar o seu nivel de coñecementos ata ese momento. A proba relativa do IRPF. puntuarase con un máximo de 4 puntos, a relativa ao IS cun máximo de 2 puntos e a relativa ó IVE cun máximo de 1 punto	70	CB2 CG1 CG5 CE8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Convocatoria ordinaria: Nesta asignatura realizarase unha avaliación continua do traballo realizado polo alumno. Para supera-la asignatura por avaliación contínua deben cumplirse duas condicións : 1. Acadar alomenos un 25% da nota nas tres probas realizadas (test, proba IRPF, IS e IVE) . 2. Obter alomenos 5 puntos na suma das dúas metodoloxías de avaliación propostas (probas test e probas IRPF, IS e IVE). A non presentación a calquera das dúas probas presenciais escritas suporá que o alumno deixa de ser avaliado en avaliación continua. Tamén deixará de ser avaliado se non acada alomenos un 25% da nota nas tres probas realizadas (test, proba IRPF, IS e IVE). A nota final por avaliación continua será a suma das notas parciais obtidas ata ese momento. Aqueles alumnos que non teñan superado a materia por avaliación continua terán a opción de presentarse a un examen final. Este examen valerá o 100% da nota, e a calificación obtida sustituirá á obtida en avaliación continua. En caso de non presentarse, a nota será a obtida en avaliación continua.

Convocatoria extraordinaria: A convocatoria extraordinaria consistirá nun examen final. Este examen valerá o 100% da nota. As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2019-2020. No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Normativa básica de IRPF, IVA e IS,
Centro de Estudios Financieros, Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas e Impuesto sobre el Patrimonio. Casos prácticos, Ultima actualizada,
Centro de Estudios Financieros, Impuesto sobre Sociedades (1). Régimen general. Comentarios y casos prácticos., Ultima actualizada,
Centro de Estudios Financieros, Impuesto sobre el Valor Añadido. Comentarios y casos prácticos., Ultima actualizada,
Agencia Estatal de Administración Tributaria, Agencia Estatal de Administración Tributaria, www.agenciatributaria.es
Centro de Estudios Financieros, Guía Fiscal, Ultima actualizada,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito: Lexislación turística/O04G240V01201
Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas I/O04G240V01101
Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas II/O04G240V01202

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Investigación de mercados turísticos				
Materia	Investigación de mercados turísticos			
Código	O04G240V01602			
Titulacion	Grao en Turismo			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Fraiz Brea, José Antonio			
Profesorado	Fraiz Brea, José Antonio			
Correo-e	jafbrea@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Proceso de investigación comercial no sector turístico.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber • saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer
CG1	Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información	• saber facer
CG2	Ser capaz de analizar, sintetizar e administrar datos derivados das observacións usando os fundamentos técnicos cuantitativos e de predición	• saber • saber facer
CG3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto	• saber • saber facer
CG7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual	• saber facer • Saber estar / ser
CG8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo	• saber facer
CG9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado	• saber facer
CG10	Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións	• saber facer
CE9	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das técnicas básicas de investigación e prospectiva en materia turística.	• saber • saber facer
CE10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo	• saber • saber facer
CE12	Comprender o comportamento das persoas en empresas turísticas e aplicar as técnicas e métodos de dirección de persoal	• saber facer
CT1	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos	• Saber estar / ser
CT2	Compromiso ético	• Saber estar / ser
CT3	Creatividade	• Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Identificar os principais estudos e fontes de información e investigación no ámbito turístico	CB1 CB3 CG2 CG3 CE9

Ser capaz de realizar unha investigación de mercados para axudar á toma de decisións empresariais	CB2 CG1 CG9 CE10 CT1
Comprender o comportamento das persoas en empresas turísticas e aplicar as técnicas e métodos de dirección persoal	CB2 CG8 CE12
Adquirir habilidades no manexo do TIC para a procura e aproveitamento da información	CB4 CB5 CG1 CT3
Ser capaz de analizar, sintetizar e xestionar datos derivados das observacións usando os fundamentos técnicos cuantitativos e de predición	CB3 CG2 CG3 CE12 CT2
Deducir o funcionamento das organizacións turísticas e ferramentas e instrumentos de saída	CB1 CG2 CE9
Comprender a contorna en que operan as organizacións turísticas	CB3 CG7 CG10 CE10 CT1

Contidos	
Tema	
